



Historias de auga envelenada

Bety, Lima (Perú)

Ola, son Bety e teño 11 anos, vivo no barrio de **El Agustino** de Lima. Miña avoa e a súa familia vivían na serra mais non podían vivir do traballo da terra e decidiron vir a Lima, instaláronse en El Agustino, onde residían coñecidos seus.

El Agustino é unha zona montañosa, alí tomaron unha parcela e comezaron a facer a súa casa. El Agustino **non ten servizos de ningún tipo**: nin escolas, nin luz, nin auga corrente.

No barrio **non había servizos de ningún tipo**, tampouco médicos, e moitas crianzas morrían, sobre todo debido a doenzas intestinais como a diarrea.

É por iso que un grupo de mulleres se organizaron para tentar solucionar este problema das diarreas creando unidades de rehidratación oral, para ensinar como previr e curar a diarrea.

Grazas a esta organización das mulleres, a saúde das crianzas do meu barrio foi mellorando. Eu participo nos comedores, miña nai e miña tia, nas unidades de rehidratación oral, e meu pai e meu irmán colaboran na Junta Vecinal, onde axudan nas canalizacións de auga potable e nos desaugadoiros. O barrio mellorou grazas á participación de todos.





Hanna, Addis Abeba, Etiopía

Ola, son Hanna, teño 8 anos e vivo na Etiopía.
Antes, a miña familia non vivía na cidade. Vivíamos nunha vila, no campo, e traballábamos a terra, éramos agricultores.

Despois duns anos de moita seca, a terra que traballábamos non daba case nada e entón pasamos fame. Por isto, toda a familia tivemos que marchar para a cidade a procurarmos traballo e así poder comprar comida.

A cidade onde fomos chámase Addis Abeba, e é a capital do meu país, Etiopía. Na nosa casa da cidade non temos auga corrente, de forma que cada día miña irmá e eu imos buscar auga a un pozo para cocinar e para nos lavar.

A auga pesa moito. A min non me gusta facer este traballo, gústame máis ir á escola, onde aprendo cousas, aínda que somos moitos e estamos moi apertados.

Miña mamá prepara cada día a comida sobre un fogón de petróleo, e sempre ferve a auga que trouxemos do pozo, porque di que así non temos dor de barriga. Ben, agora xa coñeces un pouco a miña historia. Adeus!



Frank, Salou (España)

O meu nome é Frank, teño 9 anos e vivo nunha cidade cerca de Tarragona, que se chama Salou. Moitas persoas coñecen Salou porque é un lugar moi turístico e porque ten un parque de atraccións. A min me gusta moito, porque sempre parece que estamos no Verán.

Meu pai traballa nunha industria petroquímica próxima, e miña nai, nas oficinas dun hotel. Meu avó, o pai de miña mamá, vivía antes nunha masía cerca de Tarragona, onde tiña unhas terras que cultivaba.

Meu avó explicoume que a masía tiña un pozo, con auga boa para regar e beber, mais un bo día comezou a ser moi salgada e de má calidade. Di que a auga doce se volveu como a auga de mar porque moitas industrias apañaron auga dos pozos.

De forma que ao redor do ano 1980, cando miña nai tiña dez anos, tiveron que vender a masía e trasladarse a Salou. Nas terras de meu avó, agora hai unha urbanización.

No Verán, a miña familia lémbreme sempre que debo aforrar auga, que é moi cara, e que non queremos volver ficar sen ela. Ah! E neste Verán, o meu concello fixo unha campaña cos turistas para que aforren auga: Ben, até logo, talvez nos vexamos en Salou!



FICHA 1

Investiga  ... e responde as preguntas.



Onde vive o teu personaxe, e que idade ten?



Que familia ten?



O que lle pasou á súa familia no pasado?



Tivo problemas relacionados coa auga? Se respondes que si, explica qué problemas.



O que lle pasa coa auga agora?



Fan algunha cousa para mellorar? Que cousas?

**FICHA 2**

Investigando todos os personaxes.
Conclusións



Fai unha lista das cousas que teñen en común os tres personaxes.



E unha lista dalgunhas diferenzas.